

**ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA MELLORA DO SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN DA RÚA JB CARRERA FÁBREGAS, TRAMO 1, INCLUÍDA DENTRO DO PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS, POS+, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORCUÑA.**

Na Casa Consistorial do Concello de Corcubión, ás 10:00 horas do día 28 de agosto de 2017, constitúese a MESA DE CONTRATACION para a adxudicación do obra de Mellora do saneamento e pavimentación da rúa JB Carrera Fábregas, tramo 1, presidida por Manuela Fernández Louro, actuando como vocais, a Secretaria Interventora do Concello, Irene Suárez López e o arquitecto da Oficina de rehabilitación, Antonio Martínez Domínguez, actuando como Secretaria da mesa Angélica Ayala Oca, auxiliar administrativo do concello.

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 308/2017, do 12 de xullo, procedeuse á convocatoria para a contratación das obras de Mellora do saneamento e pavimentación da rúa JB Carrera Fábregas, tramo 1 incluída dentro do Plan único dos concellos, POS+, da Deputación provincial da Coruña, mediante procedemento aberto ( con multiplicidade de criterios de adxudicación), cun orzamento de 59.652,41 € ( 49.299,51 € e 10.352,90 IVE), publicándose anuncio de licitación no Boletín Oficial da provincia da Coruña núm. 135, do martes 18 de xullo, así como no Perfil do contratante do órgano de contratación.

Rematado o prazo de presentación de propostas, e segundo certificado que obra no expediente, constan as seguintes ofertas:

Excavaciones POSE S.L.	N.R.E. 1174 do 9 de agosto
Búa Construcciones y Servicios S.L.	N.R.E. 1198 do 11 de agosto
Construcciones Cernadas S.L.	N.R.E. 1205 do 14 de agosto
Construcciones D. Ogando S.L.	N.R.E. 1219 do 14 de agosto
Excavaciones y Obras Melchor S.L EXCOMEL	N.R.E. 1220 do 14 de agosto
Movimientos de áridos y construcciones de Arosa S.L. MARCONSA	N.R.E. 1223 do 14 de agosto
Mecano Obras y Reformas S.L.	N.R.E. 1271 do 18 de agosto.

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 365/2017, do 21 de agosto, convócase á Mesa de Contratación para a apertura da Documentación Administrativa, SOBRE A, en sesión non pública e, se a Mesa acorda admitir ás empresas presentadas e non procede emitir requirimento aos efectos de emenda de documentos, proceder acto seguido, en sesión pública, o mesmo día, á celebración da Mesa de Contratación para a apertura do do SOBRE B, Referencias Técnicas. Criterios non avaliados de forma automática, conforme ao prego de cláusulas administrativas aprobado.

**Comprobados os documentos achegados polas empresas presentadas á licitación no SOBRE A, Documentación Administrativa, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, admitir a todas as empresas presentadas.**

**De seguido procédese á apertura do SOBRE B, Referencias técnicas, acordándose por unanimidade dos membros presentes, solicitar informe técnico, aos efectos de valoración das ofertas presentadas.**

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE

Manuela Fernández Louro

A SECRETARIA DA MESA

Angélica Ayala Oca

VOGAIS:

O ARQUITECTO

Antonio Martínez Domínguez

A SECRETARIA INTERVENTORA

Irene Suárez López